

**Imaxes de mulleres na literatura galega:
Penélopes de poetas. Rosalía Penélope, Xohana Penélope e
Olga Penélope**

Carmen Blanco

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BLANCO, CARMEN (2011 [2009]). “Imaxes de mulleres na literatura galega: Penélopes de poetas. Rosalía Penélope, Xohana Penélope e Olga Penélope”. En Carlos Andrés González Paz (ed.), *As voces de Clío: a palabra e a memoria da muller na Galicia*. Santiago de Compostela / Madrid: Seminario de Estudos Gallegos Padre Sarmiento / Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 87-100. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/112>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BLANCO, CARMEN (2009). “Imaxes de mulleres na literatura galega: Penélopes de poetas. Rosalía Penélope, Xohana Penélope e Olga Penélope”. En Carlos Andrés González Paz (ed.), *As voces de Clío: a palabra e a memoria da muller na Galicia*. Santiago de Compostela / Madrid: Seminario de Estudos Gallegos Padre Sarmiento / Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 87-100.

* Edición dispoñíbel desde o 28 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

IMAXES DE MULLERES NA LITERATURA GALEGA: PENÉLOPES DE POETAS. ROSALÍA PENÉLOPE, XOHANA PENÉLOPE E OLGA PENÉLOPE

Carmen Blanco

Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo)

A miña nai.

A meu pai.

Pensa en que pensa Penélope Pensadora
e tensa o tear como o navío
Vai abandonar a casa de altos teitos
e a patria terra Ítaca
para realizar unha longa viaxe
con Ulises
Quere coñecer o mar e a terra
sen outro teito que o ceo
como coñece a casa
e Ítaca
Prosegue na súa incansable teima
de vivir

Diversidade de imaxes de mulleres de predominio patriarcal

Na literatura galega, como nas demais literaturas, existe unha rica e diversa imaxinería feminina, variable, igual que a vida mesma, aínda que non ilimitada, como a mesma vida. Nos libros *Literatura galega da muller* (1991), *Mulleres e independencia* (1995), *Nais, damas, prostitutas e feirantas* [90] (1995) e *Sexo e lugar* (2006) temos constatado o contraste tipolóxico feminino existente na nosa literatura entre as dúas correntes ideolóxicas antifemininas e profemininas, con moitos dos seus complexos e diversos matices. Dunha banda, a corrente dominante, patriarcal, misóxina e sexista, baseada na mitificación positiva dos específicos estereotipos galaicos das “nais” e da “Virxe”, na mitificación ambigua dos das “mozas amadas” e na estigmatización negativa dos das “féminas con función pública”, das “figuras femininas excéntricas” no peculiar patriarcado galaico (bruxas, vellas, sogras, feas, estranxeiras...) e das “prostitutas”. E da outra banda a corrente resistente, antipatriarcal, progresista e filóxina, aberta á real diversidade das ricas potencialidades vitais das mulleres.

Penélopes de poetas

Un dos mitos de mulleres centrais no patriarcado occidental é o grego clásico de Penélope, a paciente e intelixente esposa de Ulises, que agarda na súa patria Ítaca a volta do guerreiro navegante sen perder nunca a esperanza no regreso seguro do aventureiro. Xa temos falado, a propósito do poema “Penélope” de Díaz Castro, do significado mítico-político do tecer das mulleres na orixinaria polis dos patriarcas helénicos (Blanco 1995b: 273) e temos utilizado unha subversión do mito baseada nas artes femininas do destecer nocturno no conto “Novas noites nosas” de *Vermella con lobos* (Blanco 2004: 30).

Agora retomo os fíos das miñas “Rosalía Penélope” de 1992 (Blanco 1995a: 249-250) e “Penélope pensadora” de 1997 (Blanco 1997: 6-7), “Tras da viaxe que non fixo Ulises” de 1996 (Blanco 1996: 13-15) e “A subversión múltiple da ‘Estranxeira na súa patria’” de 1998 (Blanco 2006a: 117-145), para continuar co labor revolucionario de repensar a poesía de poetas da esteira dunha posible Penélope libre e independente. Nesta esteira están entrelazados, entre outros, tres poemas aos que quero volver porque deconstrúen subversivamente o mito clásico por revolucionarios camiños, absolutamente diverxentes na forma [91] pero plenamente converxentes nos seus máis profundos sentidos liberadores: “Desde los cuatro puntos cardinales” de Rosalía de Castro, “Penélope” de Xohana Torres e “Si pois tamén elas son parte de ti” de Olga Novo. No norte, no sur, no este e no oeste meus vou tras da *verdadeira vida extraordinaria* de Penélopes e Ulises libres. O tecido, a navegación, os bicos e os cantos que importan. E volvo sobre algunhas destas cousas xa aireadas (González Fernández 20005: 134-142).

Rosalía Penélope

Aparece, en primeiro lugar, a Rosalía Penélope. Rosalía de Castro sabía moito das Penélopes e dos Ulises galaicos, das pacientes que permanecen na terra e dos viaxeiros que abandonan a patria, das que se quedan e dos que se van, deixadas e levados polas guerras, polos traballos temporais e pola fame emigrante a América. En *Cantares gallegos e Follas novas* escóitanse as voces converxentes e diverxentes delas e deles reverberando na verba rosaliana escura, como se escoitan en *La hija del mar* ou en “Costumbres gallegas” (2006a: 95-113). Por isto Rosalía foi e é tan amada por moitas destas nosas xentes traspasadas polas diásporas e enxendradas polos mares. As súas Penélopes Viúvas de Vivos e Mortos. Os seus Ulises Fillos do Mar. E as fillas e os fillos de ambos, as súas Fillas do Mar Esperanzas no Mar Afogadas Suicidas Soas. Mais se agora procuramos Penélopes onde ela non as puxo para mellor velas e coñecelas, teremos que volver a ler e reler a Penélope que si puxo en “Desde los cuatro puntos cardinales” ao final de *En las orillas del Sar* (1884):

Desde los cuatro puntos cardinales
de nuestro buen planeta
–joven, pese a sus múltiples arrugas–,
miles de inteligencias
poderosas y activas,
para ensanchar los campos de la ciencia,
tan vastos ya que la razón se pierde

en sus frondas inmensas,
acuden a la cita que el progreso
les da desde su templo de cien puertas. [92]

Obreros incansables, yo os saludo,
llena de asombro y de respeto llena,
viendo como la Fe que guió un día
hacia el desierto al santo anacoreta,
hoy con la misma venda transparente
hasta el umbral de lo imposible os lleva.

¡Esperad y creed!, crea el que cree,
y ama con doble ardor aquel que espera.

Pero yo en el rincón más escondido
y también más hermoso de la tierra,
sin esperar a Ulises,
que el nuestro ha naufragado en la tormenta,
semejante a Penélope
tejo y destejo sin cesar mi tela,
pensando que ésta es del destino humano
la incansable tarea,
y que ahora subiendo, ahora bajando,
unas veces con luz y otras a ciegas,
cumplimos nuestros días y llegamos
más tarde o más temprano a la ribera (Castro 1982: 392-393).

A que sabía daquelas que tecen soias a súa tea na soidade dolorosa e triste da ausencia do amor e cantou as arelas loucas da súa esperanza e as arroutadas tolas da súa desesperación en *Follas novas* (Castro 2004: 252, 258, 279-281 e 294-295), sabe á fin da súa vida da impasibilidade das que tecen e destecen sen cesar a súa tea sen tampouco non esperar nada, na sabia asunción pesimista, escéptica, estoica, nihilista e fatalista da existencia humana (Carballo Calero 1979: 1001-132). Sabe de Penélope impasible. É Penélope impasible. E así recrea o mito canónico da muller de Ulises coa persoalísima musa do seu corazón negro, que lle resta a esperanza da espera e que lle suma o naufraxio do navegante.

Ergue así Rosalía unha lúcida Penélope pesimista da intelixencia que asume a soidade existencial do ser humano co ser so da súa vida soa e se asume soa, autónoma e independente realizando a súa tarefa de vivir a súa vida de [93] muller que é súa, como a dos homes supostamente é deles. Esta Penélope non espera a Ulises. É como Ulises. E dinos que, se navegar é vivir, tamén tecer é vivir. Por isto conduce o tear como o navío (Blanco 2006a: 139). Ata a morte. Mergullada no océano da existencia.

E é esta tamén unha Penélope escéptica, estoica, nihilista e fatalista. Porque Rosalía a ergue tamén magnífica no recanto máis oculto e fermoso da terra. Un recanto que está nas fermosas orelas do Sar nas que está ela. E é entón a protagonista do poema Rosalía Penélope e Galicia Penélope (Blanco 2007: 60). A Galicia Penélope que inspiraría a Díaz Castro a volta ao optimismo canónico do mito da mesiánica espera esperanzada. Mais un recanto que é tamén calquera recanto da terra. Calquera pequeno e modesto lugar do mundo, sem-

pre o máis fermoso para quen o elixiu, porque a el foi ou porque del non se quere ir. Terra Penélope e Lugar Penélope (Lopo 2002: 112-30). O amor ao lugar asolaga os seus versos. O amor á natureza do territorio escollido. O amor á comunidade das xentes que o habitaron e habitan, que o foron facendo e que o fan vivindo nel, como vive ela facéndoo. E é ese un amor sabio que sabe que nos lugares acochados naufragan os mesías. E que a nós nos deixa ver que, en realidade, non hai mesías, non hai heroes liberadores. Que cada persoa e cada lugar ten que salvarse e naufragar e liberarse por si mesma e por si mesmo.

Se cadra esta sabia Penélope pensadora, escéptica, estoica, nihilista e fatalista é a Penélope Impasible coa que Rosalía procurou a pouca paz poética que tivo na madurez, paz para ela imposible porque pensaba que para ela non a había. Pois aínda este seu estoicismo, nihilismo e fatalismo ten fisuras. E móvese envolto nas contradicións da fe e da dúbida, da certeza e da incerteza. Por isto a súa Penélope escéptica érguese como un Pero ante o Imposible do Progreso esperado e amado polas persoas que traballan por el, porque *cren* na ciencia e o crean.

A súa lúcida sombra escura ergueu o escéptico Pero de Penélope Persoa e Lugar que dubidan como a grande interrogación permanente da profunda sabedoría no medio do mundo enteiro, do planeta mozo e neno inexperto aprendendo aínda pese á súa longuíssima historia de milenios e engurras, e das miles de persoas que en todos os lugares da terra pensan e traballan activas e [94] incansables polo progreso humano. Pero este é máis o meu pero. O que queredo ler eu “Desde los cuatro puntos cardinales”. O pero da posible poesía imposible. O pero que asume a contradición da ciencia escéptica. A vida vivida no avance da dúbida e do progreso. O pensamento e a práctica que fai posible o imposible, desde o pesimismo da intelixencia e o optimismo da vontade. Mais nesta Rosalía non hai ningún optimismo. O seu pesimismo é radical. A negra sombra cristiá confúndea por momentos, como cando a leva a igualar ciencia e relixión, a identificar razón e fe, laboratorio e templo, científicos e santos. Para ela as razóns que moven a ciencia e o progreso humano e posibilitan o seu avance, antes considerado pola xeneralidade da xente impensable e imposible, son como a fe da xentiña relixiosa, unha venda transparente que, sen tapar, oculta o eterno mal do mundo ao que supostamente nos condena a maldición do pecado orixinal. Desta mala sombra escurísima vén a resignación fatalista que esmorece un pouco a Rosalía Penélope.

Non obstante, a iluminada simpatía e empatía rosaliana non morta de tola soñando, saúda e canta con asombro e respecto as multitudes traballadoras progresistas que aman, crean e esperan. E á par delas vai tecendo e destecendo soa a súa tea Rosalía Penélope para chegar á ribeira.

Xohana Penélope

Aparece logo a profética Xohana Penélope. Mais terían que pasar moitos poemas e moitos anos. O poema “Penélope” de Díaz Castro e o poema “Penélope perde novelo nove”, tamén chamado “Retorno de Ulises”, de Álvaro Cunqueiro. E todo un século. É entón cando Xohana Torres publica en 1987, no monográfico da revista feminista *Festa da palabra silenciada* a ela dedicada, o seu poema “Penélope”, nun conxunto de catro inéditos dedicados, á súa vez, a María Xosé Queizán, coordinadora da publicación. A composición ficou finalmente na primeira parte do libro *Tempo de ría* (1992). E di así:

DECLARA o oráculo:

“QUE á banda do solpor é mar de mortos,
incerta, última luz, non terás medo. [95]

QUE ramos de loureiro erguen rapazas.
QUE cor malva se decide o acio.

QUE acades disas patrias a vindima.
QUE amaine o vento, beberás o viño.

QUE sereas sen voz a vela embaten.
QUE un sumario de xerfa polos cons.”

Así falou Penélope:

“Existe a maxia e pode ser de todos.
¿A que tanto novelo e tanta historia?

EU TAMÉN NAVEGAR.” (Torres 1992: 19)

Xohana Penélope é unha Penélope xa explicitamente feminista. Unha Penélope que participa na primeira liña da vangarda do movemento de liberación das mulleres, ao que se suma e ao que apoia cos seus versos desde a súa fermosísima casa baía secreta de Vigo sen Vesubio. Unha Penélope que aparece, solidaria, na revista que facíamos unhas féminas do feminismo independente das Feministas Independentes Galegas e baixo a dedicatoria á Queizán, emblemática teórica do feminismo galaico. Unha Penélope que nace á luz pública na homenaxe que o feminismo independente lle dedica ao profundo feminismo da súa autora, Xohana Torres, reivindicándoo en voz alta, como antes fixera co de Rosalía de Castro, pois, pese á súa evidencia, tal feminismo era daquela aínda invisible.

Xohana Penélope é unha Penélope feminista que responde ao vello novelo que non debe perderse, segundo a obriga histórica patriarcal do mito canónico, e corta o fío do novelo non novo da recreación cunqueiriana da sede de sexo. E é tamén unha Penélope filóxina e filántropa que subverte o mito misóxino das mulleres dos mariños, cortando co novelo do morbo sexual e as súas historias. A Penélope de Xohana Torres érguese espléndida contra o triste imaxinario apropiacionista dos patriarcas. E contesta a Cunqueiro cando o de Mondoñedo di, en verbas envolventes, como a historia do novelo que nos envolve, que Penélope é unha perdida, unha nostálxica, unha nostálxica perdida que o vento leva cos seus pos, cando di que “Penélope perde novelo nove”: [96]

Pende en que pende Penélope pensativa
perde novelo nove novamente canto.

Ese rostro que ás augas envexando
como sorrí tecendo cando o vento:
ás augas como sorrí envexa que tecendo
ese rostro en que pende que amañeza.

Cando o vento o novelo novelovento leva,
—os longos dedos que naceron frautas
na boca de Ulises, cando namorado.
Digo que os longos dedos non resisten
os pos do vento que nas oliveiras,
os longos dedos que sorprendidos dicen
nvelovento, novelo nove pido,
o meu corazón tecendo mar e soño
baixo esa ponte de ignorados ríos.

¡Ouh Venus!, ¿onde camiña o fío revoando
que as miñas brancas pernas amorosas,
onde os muñíos, onde o vento xira,
canles por onde o vento pasa, pisa?
Dígoche Venus por cómaros, valados,
rocas, camiños, pontes, asubíos,
ese fío é un rostro que sorrí tecido:
lembrándome agora estou que no novelo
nove os beizos cando se pregan falan.
¿Soamente dicen que cando ven a sede
polas celestes pontes desas illas? (Cunqueiro 1991: 59).

Xohana Penélope érguese optimista fronte a tanta nostalxia pasiva da Penélope pensativa de Cunqueiro e non pregunta polas pontes, afirma, afirmándose definitivamente na acción do navegar. É unha Penélope optimista que continúa a afirmación na autonomía persoal e humana da Rosalía Penélope ata levala á subversión do mito clásico que fai da tecedora unha navegante, como Ulises, e iguala así en dereitos vitais as mulleres aos homes, porque a maxia da viaxe e da aventura pode ser de todos. É unha Penélope optimista que escoita a sabedoría profética feminista anunciadora do presente con futuro para as mulleres, do noso presente liberador e do noso futuro liberado. É unha Penélope optimista que, despois de escoitar as palabras sabias, fala de seu tamén sabiamente para dispoñerse a actuar. É unha Penélope que dialoga. É unha Penélope que aprende. É unha Penélope que cambia para facerse mellor.

[97] Xohana Penélope é poeta como Xohana Torres. É unha Penélope Poeta que coñece unha verdade e día (Blanco 2003: 93-94). E esa verdade é máxica. É a verdade da real existencia da maxia, da poesía da vida, da vida plena. Maxia é a palabra clave que transforma o mundo, a que transformará o mundo das Maxas da vida, das que viven coa casa ás costas como os caracois, das Maruxas que levan a maxia dentro e cantan e calman e crean e recrean a casa de Cantador no RECALMÓN (Blanco 2006b: 181-191). E é unha Penélope Poeta sabia que sabe descifrar as eclipsas de sol e sabe do pasado e do presente. Sabe de Safo. Sabe do seu Pericles. Sabe do mundo antigo e de Grecia. Sabe do sur e do oeste. Sabe da resistencia imprescindible de Malen de Escó. Sabe de Galandía. Sabe de Galicia hoxe e do mundo todo presente. Porque sabe dos peiraos. Porque sabe dos mares. E sabe das sereas solidarias subversivas. Das que se quedan. Das que se van. Das que non volven. De emigracións. De exilios. E de estranxeirías sen sabelo (Blanco 2006a: 282-283). Por isto o oráculo antigo leva toda a memoria malva das mulleres do pasado e do presente, das sereas do silencio que falan e das rapazas cos ramos de loureiro. Unha me-

moria que evoca, convoca e conxura a acción revolucionaria triunfante sobre o medo e a morte. Unha memoria da liberdade e da alegría de vivir que vai no mar. Nas augas mariñas das navegacións abertas tamén ás mulleres. Unha memoria da liberdade e da alegría de vivir que vai no viño. Nas vendimas e no beber. Naveguemos e vendimemos. Bebamos e vivamos. Acalmemos o vento. Embatemos a vela. Coa voz do silencio que canta. E sexa a xolda da xerfa do comezo que estoupa contra os cons da escravitude. A ledicia líquida discorrendo decidida dos acios maduros ametistas malvas violetas púrpuras criados no crepúsculo incerto do cambio de luz no outono. Un tempo vello morre e renace outro novo no ocaso occidental. Como o sol. Como o sol do sal do sur. Como o sol do sal do norte. No solpor o mar de mortos. Da nosa banda o mar de vivas. Existe a vida e pode ser de todos. EU TAMÉN NAVEGAR. Vivir. Soñar. Na maxia da existencia debida a toda a xente.

Xohana Penélope é, á fin, unha Penélope Navegante que non quere outra cousa que o mar. Como a propia Xohana Torres, de profunda afiliación mariñeira, vivindo toda a súa vida co mar de Ferrol e co mar de Vigo e de Monteferro, co mar do amor dos seus mariños familiares, co mar das viaxes oceáni-[98]cas. No mar fermosísimo do *Eu tamén navegar* entrando na Academia, onde non quería entrar pero entraba dicíndoo todo desta súa Penélope Navegante e da súa odisea permanente de poeta no mar enteiro do seu soño. E con ela imos todas as que imos e non imos. Á agarda de que todo se cumpra. Como Penélopes. Sostendo sempre o mundo (Torres 2001: 11-25).

Porque Xohana Penélope é, por enriba de todo, Penélope Poeta, na procura permanente das palabras, unha paixón para toda a vida, unha vida virada na xerfa da festa da fala e unha viaxe arriscadísima ás escondidas e a soas rastrexando os fondos onde a luz non chega, na navegación verídica, inmisericorde e indisciplinada. Unha Penélope Navegante Poeta pero non Piloto. Por isto sabe da demora desde a partida parando nos portos secretos e acolléndose nas illas para poder regresar a todas as patrias das orixes. Unha Penélope non Piloto, como Manuel Antonio era Piloto, pero si Capitá, Capitá das viñas e dos mares de centeo, como a súa avoa Lola, navegando o Avia. Xohana Penélope navegando o río do leite vinculeiro de avoas e netas, o río que leva as verbas do barallete prohibidas e as cores dos viños prohibidos. Xohana Penélope facendo firme a figa cun toque de talante libertario, lonxe, nos lagos e no fondo dos camiños, sempre o mar. Unha Penélope Navegante Poeta, como Homero era Poeta Cego Vidente Navegante de Troia a Ítaca, como Dante era Poeta Cego Viaxante aos Infernos que non hai. Unha Penélope Navegante Poeta Cega vendo e bebendo polos ollos da nai e escoitando desde cativa as cancións das sereas, das augas e dos viños que se nos negaban. Ollos das nais sen os cales a historia das mulleres non ten ollos. Ollos matriciais, mariños, atlánticos, de iniciadas, vendo sempre o faro na sinfonía do océano, coas peixeiras, coas caldupeiras, coas aves, os peixes e as baleas.

Olga Penélope

E chega finalmente Olga Penélope, despois de máis poemas e poemas, e fala con Ulises en *A teta sobre o sol* (1996). Di así:

Si pois tamén elas son parte de ti
e do mapa do mundo que manexas
—dixo Penélope a Ulises— [99]

que os meus bicos sexan dondos
porque non borren o seu canto (Novo 1999: 19)

Olga Penélope é xa explicitamente unha Penélope feminista libertaria. Olga Penélope continúa a asunción da autonomía persoal de Rosalía Penélope e da igualdade humana na acción vital de Xohana Penélope. E leva máis alá a irmandade solidaria das sereas de Xohana, ao concretala na realización do amor libre e aberto. E, precisamente, nesta irmandade entre mulleres é onde radica o carácter revolucionario feminista de Olga Penélope. Unha revolución que combate as bases misóxinas do patriarcado que propala e impón o odio e a rivalidade entre mulleres. Unha revolución que combate os férreos estereotipos sexistas que dividen e separan as mulleres segundo funcións prefixadas polos intereses androcéntricos: da banda do ben e do ben visto a esposa, Penélope, sostén esencial da casa, da familia e da patria, tecido tramado da propiedade, da estirpe e de Ítaca; da banda do mal e do mal visto as amantes, Circe e Calipso, tamén sosténs esenciais da casa, da familia e da patria, o necesario lado escuro da polis, a transgresión que permite manter a norma do poder, a fascinante fuga dos praceres dos patriarcas, aparentemente prohibidos mais subversticiamente fomentados; e da banda do mal absoluto do que non pode ser visto nin oído as sereas, os monstros, as mulleres maléficas e fatais que levan a perdición dos patriarcas e que van nos sonhos de sedución e nos pesalos do patriarcado, porque son, en realidade, o seu ben absoluto máis negado: a temida proxección da teima da perfección e da plenitude do paraíso posible esmagado polo poder, o gozo do canto da paxariña, das paxaras do máis alá, das peixas, das baleas, das mulleres. Do gozo delas e do gozo con elas. Unha revolución tamén que combate o poder sexual impositivo e xerárquico do patriarcado, erguendo a iniciativa amorosa do diálogo aberto pola voz de Penélope. Unha voz donda, como os bicos, dada, tamén como os bicos, contra a dureza do poder que arrebatada e rouba e avaricia. Unha voz aberta. Totalmente aberta. Aberta a Ulises, á aceptación vital dos seus desexos libres e múltiples. Aberta ás mulleres, á aceptación vital dos seus desexos libres e múltiples. Aberta ao mundo aberto. E aberta ao amor aberto. Ao amor libre. Ás amantes libres. A Ulises libre. Ás mulleres libres. E a ela mesma, Penélope libre, recoñecéndoa a todas elas, cada unha co seu lugar no mundo e no mapa do mundo e no mapa das navegacións. Penélope libre e Ulises libre en unión libre non deixando á parte ás outras máis outras do patriarcado, senón compartindo con elas o amor e o mundo. Penélope libre guiando a Ulises no paraíso do amor libre. Penélope libre facéndose e sendo unha mesma ela mesma e facendo elas mesmas as amantes e as sereas, porque todas o poden ser e o son.

[100] Olga Penélope é unha Penélope Libre e Libertaria que dá liberdade ao mundo das mulleres e dos homes libres. Unha Penélope Libertaria que se ergue marabillosa nun mundo marabillosamente aberto ás amantes e aos amantes libremente amados e ben vistos, como bens amados e non posuídos, no posible e real mundo marabilloso da imprescindible poesía espida de poder de Olga Novo (Blanco 2006a: 339-356).

Olga Penélope érguese como unha Muller Marabillosa que mantén o canto. O gozo. Os bicos. A poesía. A liberdade. A vida proteica discorrendo líquida e libre. A única viaxe que importa. O único tecido.

Serea Penélope final

Así falou Penélope: Rosalía, Xohana, Olga, eu vos saúdo. Saúde e liberdade, compañeiras.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Carmen BLANCO (1995a), *Mulleres e independencia*, Sada, A Coruña, Ediciós do Castro.
- Carmen BLANCO (1995b), *Nais, damas, prostitutas e feirantas*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Carmen BLANCO (1996), “Tras da viaxe que non fixo Ulises”, *Clave Orión 2*, A Coruña, 1996, pp. 13-15.
- Carmen BLANCO (1997), “Penélope pensadora”, Ana Blanco (ed.) *Daquelas que cantan...*, Padrón, Fundación Rosalía de Castro, pp. 6-7.
- Carmen BLANCO (2003), “Torres Fernández, Xohana”, *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, vol. 42, Lugo, El Progreso-Diario de Pontevedra, pp. 93-94.
- Carmen BLANCO (2004), *Vermella con lobos*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Carmen BLANCO (2006a), *Sexo e lugar*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Carmen BLANCO (2006b), “Morrer no mar de mulleres desecado. Unha lectura de *Adiós María* de Xohana Torres”, Xaquín S. Rodríguez Campo e Xosé M. Santos Solla (ed.), *Galicia & Terranova & Labrador. Proceedings of The International Congress*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 181-191.
- Carmen BLANCO (2007), “En paz esperando pola alba do día”, Ana Blanco (dir.), *Diálogos na casa de Rosalía II*, Padrón, Fundación Rosalía de Castro, pp. 56-60.
- Ricardo CARBALLO CALERO (1979), *Estudos rosalianos*, Vigo, Editorial Galaxia.
- Rosalía de CASTRO (1982), *Poesías*, Padrón, Patronato Rosalía de Castro. Edición de Ricardo Carballo Calero e Lydia Fontoira Surís.
- Rosalía de CASTRO (2004), *Poesía galega completa, II, Follas novas. Poemas soltos. Traducións*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións. Edición de Andrés Pociña e Aurora López.
- Álvaro CUNQUEIRO (1991), *Herba aquí ou acolá*, Vigo, Editorial Galaxia. Edición de Xosé Henrique Costas González.
- Helena GONZÁLEZ FERNÁNDEZ (2005), *Elas e o paraugas totalizador*, Vigo, Xerais.
- María LOPO (2002), “O lugar”, *Unión libre. Cadernos de vida e culturas 7*, Sada, A Coruña, Ediciós do Castro, pp. 11-30.
- Olga NOVO (1999), *A teta sobre o sol*, Santiago de Compostela, Letras de Cal. 2ª ed.
- Xohana TORRES (1992), *Tempo de ría*, A Coruña, Edicións Espiral Maior.
- Xohana TORRES (2001), *Eu tamén navegar*, A Coruña, Real Academia Galega.